

Convención sobre os Dereitos do Meniño e a Meniña

Adoptada e aberta a firma e ratificación pola Asemblea Xeral na súa resolución 44/25 de 20 de novembro de 1989.

Entrada en vigor: 2 de setembro de 1990, de conformidade co artigo 49.

Preámbulo.

Os Estados Parte na presente Convención,

Considerando que, de conformidade cos principios proclamados na Carta das Nacións Unidas, a liberdade, a xustiza e a paz no mundo baséanse no recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de tódolos membros da familia humana,

Tendo presente que os pobos das Nacións Unidas reafirmaron na Carta (das Nacións Unidas) a súa fe nos dereitos fundamentais do ser home e na dignidade e o valor da persoa humana, e que decidiron promover o progreso social e elevar o nivel de vida dentro dun concepto máis amplo de liberdade,

Recoñecendo que as Nacións Unidas proclamaron e acordaron na Declaración Universal de Dereitos Humanos e nos pactos internacionais de dereitos humanos, que toda persoa ten tódolos dereitos e liberdades enunciados neles, sen distinción ningunha, por motivos de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou doutra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición,

Lembrando que na Declaración Universal de Dereitos Humanos as Nacións Unidas proclamaron que a infancia ten dereito a coidados e asistencia especiais,

Convencidos de que a familia, como grupo fundamental da sociedade e medio natural para o crecemento e benestar de tódolos membros, e en particular dos meniños e meniñas, debe recibir protección e asistencia necesarias para poder asumir plenamente as súas responsabilidades dentro da comunidade,

Recoñecendo que o meniño e meniña, para o pleno e harmonioso desenvolvemento da súa personalidade, deben medrar no seo dunha familia, nun ambiente de felicidade, amor e comprensión,

Considerando que o meniño e a meniña deben estar plenamente preparados para unha vida independente na sociedade e ser educados no espírito dos ideais proclamados na Carta das Nacións Unidas e, en particular, nun espírito de paz, dignidade, tolerancia, liberdade, igualdade e solidariedade,

Tendo presente que a necesidade de proporcionar ao meniño e á meniña unha protección especial foi enunciada na Declaración de Xenebra de 1924 sobre os Dereitos do Meniño e a Meniña adoptada pola Asemblea Xeral o 20 de novembro de 1959, e recoñecida na Declaración Universal de Dereitos Humanos, no Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos (en particular nos artigos 23 e 24), no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (en particular no artigo 10) e nos estatutos e instrumentos pertinentes dos organismos especializados e das organizacións internacionais que se interesan no benestar do meniño e a meniña,

Tendo presente que, como se indica na Declaración de Dereitos do Meniño e a Meniña, o meniño e a meniña pola súa falta de madurez física e mental, necesitan protección e

coidado especiais, mesmo a debida protección legal, tanto antes como despois do nacemento,

Lembrando o disposto na Declaración sobre principios sociais e xurídicos relativos a protección e benestar dos meniños e meniñas, con particular referencia a adopción e colocación en lares de garda, nos planos nacional e internacional; as regras Mínimas das Nacións Unidas para a administración de xustiza de menores (regras de Beijing); e a Declaración sobre a protección da muller e o meniño e meniña en estados de emerxencia ou conflito armado,

Recoñecendo que en tódolos países do mundo hai meniños e meniñas que viven en condicións excepcionalmente difíciles e que eses meniños e meniñas necesitan especial consideración,

Tendo debidamente en conta a importancia das tradicións e os valores culturais de cada pobo para a protección e desenvolvemento harmonioso do meniño e a meniña,

Recoñecendo a importancia da cooperación internacional para o melloramento das condicións de vida dos meniños e meniñas en tódolos países, en particular nos países en desenvolvemento,

Conviñeron o seguinte:

PARTE I

Artigo 1

Para os efectos da presente Convención, enténdese por meniño e meniña todo ser humano menor de dezoito anos de idade, agás que, en virtude da lei que lle sexa aplicable, acadasen antes a maioría de idade.

Artigo 2

1. Os Estados Parte respectarán os dereitos enunciados na presente Convención e asegurarán a súa aplicación a cada meniño e meniña suxeitos á súa xurisdicción, sen distinción ningunha, independentemente da raza, a cor, o sexo, o idioma, a relixión, a opinión política ou doutra índole, a orixe nacional, étnica ou social, a posición económica, os impedimentos físicos, o nacemento ou calquera outra condición do meniño e a meniña, dos seus pais ou dos seus representantes legais.

2. Os Estados Partes tomarán tódalas medidas apropiadas para garantiren que o meniño e a meniña se vexan protexidos contra toda forma de discriminación ou castigo por causa da condición, as actividades, as opinións expresadas ou as crenzas dos pais, dos seus titores ou dos seus familiares.

Artigo 3

1. En tódalas medidas concernentes aos meniños e meniñas que tomen institucións públicas ou privadas de benestar social, os tribunais, as autoridades administrativas ou os órganos lexislativos, unha consideración primordial a que se atenderá será o interese superior do meniño e a meniña.

2. Os Estados Parte comprométense a asegurar a meniño e á meniña a protección e o coidado que sexan necesarios para o seu benestar, tendo en conta os dereitos e deberes dos seus pais, titores ou outras persoas responsables deles perante a lei e, con ese fin, tomarán todas as medidas lexislativas e administrativas adecuadas.

3. Os Estados Partes aseguraranse de que as institucións, servizos e establecementos encargados do coidado ou a protección dos meniños e meniñas cumpran as normas

establecidas na materia polas autoridades competentes, especialmente en materia de seguridade, sanidade, número e competencia do seu persoal así como en relación á existencia dunha supervisión adecuada.

Artigo 4

Os Estados Parte adoptarán tódalas medidas administrativas, lexislativas, e doutra índole para dar efectividade aos dereitos recoñecidos na presente convención. No que respecta aos dereitos económicos, sociais e culturais, os Estados Partes adoptarán esas medidas ata o máximo dos recursos de que dispuxeren e, cando for necesario, dentro do marco da cooperación internacional.

Artigo 5

Os Estados Partes respectarán as responsabilidades, os dereitos e os deberes dos pais ou, de ser o caso, dos membros da familia ampliada ou da comunidade, segundo estableza o costume local, dos titores ou doutras persoas encargadas legalmente do meniño e da meniña de lles impartiren, en consonancia coa evolución das súas facultades, dirección e orientación apropiadas para que o meniño e a meniña exerzan os dereitos recoñecidos na presente Convención.

Artigo 6

1. Os Estados Partes recoñecen que todo meniño e meniña teñen dereito intrínseco a vida.
2. Os Estados Partes garantirán na máxima medida posible a supervivencia e o desenvolvemento do meniño e da meniña.

Artigo 7

1. O meniño e a meniña serán inscritos inmediatamente despois do seu nacemento e terán dereito dende que nacen a un nome, a adquiriren unha nacionalidade e, na medida do posible, a coñecerem os seus pais e a seren coidados por eles.
2. Os Estados Partes velarán pola aplicación destes dereitos en conformidade coa súa lexislación nacional e as obrigas que contraeran en virtude dos instrumentos internacionais pertinentes nesta esfera, sobre todo cando o meniño e a meniña resultasen doutro modo apátridas.

Artigo 8

1. Os Estados Parte comprométense a respectar o dereito do meniño e a meniña a preservaren a súa identidade, incluídos nacionalidade, o nome e relacións familiares de conformidade coa lei sen inxerencias ilícitas.
2. Cando un meniño e unha meniña sexan privados ilegalmente dalgúns elementos da súa identidade ou de todos eles, os Estados Parte deberán prestar asistencia e protección apropiadas con miras a restableceren rapidamente a súa identidade.

Artigo 9

1. Os Estados Parte velarán porque o meniño e a meniña non sexan afastados dos seus pais contra a vontade destes, agás cando, a reserva de revisión xudicial, as autoridades competentes determinen, de conformidade coa lei e os procedementos aplicables, que tal afastamento é necesario no interese superior do meniño e da meniña. Tal determinación pode ser necesaria en casos particulares, por exemplo, nos casos nos que o meniño e a meniña sexan obxecto de maltrato ou descoido por parte dos seus pais ou cando estes

viven separados e se debe adoptar unha decisión verbo do lugar de residencia do meniño e da meniña.

2. En calquera procedemento iniciado de conformidade co parágrafo 1 do presente artigo, ofrecerase a tódalas partes interesadas a oportunidade de participaren nel e daren a coñecer as súas opinións.

3. Os Estados Parte respectarán o dereito do meniño e da meniña que estean afastados dun ou de ambos pais a manteren relacións persoais e contacto directo con ambos pais de modo regular, bardante se isto é contrario ao interese superior do meniño e da meniña.

4. Cando este afastamento sexa o resultado dunha medida adoptada por un Estado Parte, como a detención, o encarceramento, o exilio, a deportación ou a morte (incluído o falecemento debido a calquera causa mentres a persoa estiver baixo custodia do Estado) dun dos pais do meniño e meniña, ou de ambos, ou do meniño e da meniña, o Estado Parte proporcionaralles, cando se lle pida, aos pais, ao meniño e á meniña ou, se procede, a outro familiar, información básica a respecto do paradoiro do familiar ou familiares ausentes, a non ser que isto resultase prexudicial para o benestar do meniño e da meniña. Os Estados Parte cercioraranse, ademais, de que a presentación de tal petición non entrañe por si mesma consecuencias desfavorables para a persoa ou persoas interesadas.

Artigo 10

De conformidade coa obriga que incumbe as Estados Partes a teor do disposto no parágrafo 1 do artigo 9, toda solicitude feita por un meniño e unha meniña ou polos seus pais para entraren nun Estado Parte ou para saíren del aos efectos de reunión da familia será atendida polos Estados Partes de maneira positiva, humanitaria e expeditiva.

Os Estados Partes garantirán, ademais, que a presentación de tal petición non traerá consecuencias desfavorables para os peticionarios nin para os seus familiares.

O meniño e meniña que teñan os pais residindo en Estados diferentes terán dereito a manteren periodicamente, agás en circunstancias excepcionais, relacións persoais e contactos directos con ambos pais. Con tal fin, e de conformidade coa obriga asumida polos Estados Parte en virtude do parágrafo 1 artigo 9, os Estados Partes respectarán o dereito do meniño e da meniña e dos seus pais a saíren de calquera país, incluído o propio, e de entraren no seu propio país.

O dereito de saír de calquera país estará suxeito soamente ás restriccións estipuladas pola lei e que foren necesarias para protexeren a seguridade nacional, a orde pública, a saúde ou a moral publicas e os dereitos e liberdades doutras persoas e que estiveren en consonancia cos demais dereitos recoñecidos pola presente Convención.

Artigo 11

1. Os Estados Parte adoptarán medidas para loitaren contra os traslados ilícitos de meniños e meniñas ao estranxeiro e á retención ilícita de meniños e meniñas no estranxeiro.

2. Para este fin, os Estados Parte promoverán a concertación de acordos bilaterais ou multilaterais ou a adhesión a acordos existentes.

Artigo 12

1. Os Estados Partes garantirán ao meniño e á meniña que estean en condicións de se formaren un xuízo propio e o dereito de expresaren a súa opinión libremente en tódolos

asuntos que afecten ao meniño e á meniña, téndose en conta as opinións do meniño e a meniña, en función da idade e da madurez do meniño e da meniña.

2. Con tal fin, darase en particular ao meniño e á meniña a oportunidade de ser escoitados, en todo procedemento xudicial ou administrativo que afecte ao meniño e á meniña, xa for directamente ou por medio dun representante ou dun órgano apropiado, en consonancia coas normas de procedemento da lei nacional.

Artigo 13

1. O meniño e a meniña terán dereito á liberdade de expresión, ese dereito incluírá a liberdade de procurar, recibir e difundir informacións e ideas de todo tipo, sen consideración de fronteiras, xa for oralmente, por escrito ou impresas, en forma artística ou por calquer outro medio escollido polo meniño e a meniña.

2. O exercicio de tal dereito poderá estar suxeito a certas restriccións, que serán unicamente as que a lei prevexa e foren necesarias:

a) Para o respecto dos dereitos ou a reputación dos demais; ou

b) Para a protección da seguridade nacional ou a orde pública ou para protexer a saúde ou moral públicas.

Artigo 14

1. Os Estados Partes respectarán o dereito do meniño e da meniña á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.

2. Os Estados Partes respectarán os dereitos e deberes dos pais e, no seu caso, dos representantes legais, de guiaren ao meniño e á meniña no exercicio do seu dereito de modo conforme á evolución das súas facultades.

3. A liberdade de profesaren a propia relixión ou as propias crenzas estará suxeita unicamente ás limitacións prescritas pola lei que foren necesarias para protexer a seguridade, a orde, a moral ou a saúde públicas ou os dereitos e liberdades fundamentais dos demais.

Artigo 15

1. Os Estados Partes recoñecen os dereitos dos meniños e meniñas á liberdade de asociación e a liberdade de celebraren reunións pacíficas.

2. Non se imporán restriccións ao exercicio destes dereitos distintas das establecidas en conformidade coa lei e que foren necesarias nunha sociedade democrática, en interese da seguridade nacional ou pública, a orde pública, a protección da saúde e a moral públicas ou a protección dos dereitos e liberdades dos demais.

Artigo 16

1. Ningún meniño e ningunha meniña serán obxecto de inxerencias arbitrarias ou ilegais na súa vida privada, a súa familia, o seu domicilio ou a súa correspondencia nin de ataques ilegais á súa honra e a súa reputación.

2. O meniño e a meniña teñen dereito á protección da lei contra esas inxerencias ou ataques.

Artigo 17

Os Estados Partes recoñecen a importante función que desempeñan os medios de comunicación e velarán porque o meniño e a meniña teñan acceso á información e material que teñan por finalidade promover o seu benestar social, espiritual e moral e a súa saúde física e mental, con tal obxecto, os Estados Partes:

- a) Alentarán aos medios de comunicación a difundiren información e materiais de interese social e cultural para o meniño e a meniña, de conformidade co espírito do artigo 29;
- b) Promoverán a cooperación internacional na produción, intercambio e na difusión desa información e eses materiais procedentes de diversas fontes culturais, nacionais e internacionais;
- c) Alentarán a produción e difusión de libros para meniños e meniñas;
- d) Alentarán aos medios de comunicación a que teñan particularmente en conta as necesidades lingüísticas do meniño e a meniña pertencentes a un grupo minoritario ou que sexan indíxenas;
- e) Promoverán a elaboración de directrices apropiadas para protexeren o meniño e a meniña contra toda información e material prexudicial para o seu benestar, tendo en conta as disposicións dos artigos 13 e 18.

Artigo 18

1. Os Estados Partes porán o máximo empeño en garantiren o recoñecemento do principio de que ambos pais teñen obrigas comúns no que respecta á crianza e desenvolvemento do meniño e da meniña. Incumbirá aos pais, ou, de ser o caso, aos representantes legais, a responsabilidade primordial da crianza e do desenvolvemento do meniño e da meniña. A súa preocupación fundamental será o interese superior do meniño e da meniña.

2. Aos efectos de garantiren e promoveren os dereitos enunciados na presente Convención, os Estados Partes prestarán a asistencia apropiada aos pais e aos representantes legais para o desempeño das súas funcións no que respecta á crianza do meniño e meniña e velarán pola creación de institucións, instalacións e servicios para o coidado dos meniños e meniñas.

3. Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas apropiadas para que os meniños e meniñas dos que os seus pais traballan teñan dereito a se beneficiaren dos servizos e instalacións de garda de meniños e meniñas para os que reúnan as condicións requiridas.

Artigo 19

1. Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas legislativas, administrativas, sociais e educativas apropiadas para protexer o meniño e a meniña contra toda forma de prexuízo ou abuso físico ou mental, descoido ou trato negligente, malos tratos ou explotación, incluído o abuso sexual, mentres o meniño e meniña se atopan baixo a custodia dos pais, dun representante legal ou de calquera outra persoa que os teña ao seu cargo.

2. Esas medidas de protección deberían abranguer, segundo corresponda, procedementos eficaces para o establecemento e programas sociais ao obxecto de promoveren a asistencia necesaria ao meniño e meniña e a quen coiden deles, así como para outras formas de prevención e para a identificación, notificación, remisión a unha institución, investigación, tratamento e observación ulterior dos casos antes descritos de malos tratos ao meniño e meniña e, segundo corresponda, a intervención xudicial.

Artigo 20

1. Os meniños e meniñas temporal ou permanentemente privados do seu medio familiar, ou que o seu superior interese esixa que non permanezan nese medio, terán dereito a protección e asistencia especiais do estado.
2. Os Estados Partes garantirán, de conformidade coas súas leis nacionais, outros tipos de coidado para eses meniños e meniñas.
3. Entre eses coidados figurarán, entre outras cousas, a colocación en lares de garda, a Kafala do dereito islámico, a adopción ou, de ser necesario, a colocación en institucións adecuadas de protección de menores. Ao consideraren as solucións, prestarase particular atención á conveniencia de que haxa continuidade na educación do meniño e a meniña e a súa orixe étnica, relixiosa, cultural e lingüística.

Artigo 21

Os Estados Partes que recoñecen ou permiten o sistema de adopción coidarán de que o interese superior do meniño e a meniña sexa a consideración primordial e:

- a) Velarán porque a adopción do meniño e meniña só sexa autorizada polas autoridades competentes, as que determinarán, con arreglo ás leis e aos procedementos aplicables e sobre a base de toda información pertinente e fidedigna, que a adopción é admisible en vista da situación xurídica do meniño e da meniña en relación cos seus pais, parentes e representantes legais e que, cando así se requira, as persoas interesadas deran con coñecemento de causa o seu consentimento á adopción sobre a base do asesoramento que puidera ser necesario;
- b) Recoñecerán que a adopción noutro país pode ser considerada como outro medio de coidar do meniño e meniña, en caso de que estes non poidan ser colocados nun lar de garda ou entregados a unha familia adoptiva ou non poidan ser atendidos de maneira adecuada no país de orixe;
- c) Velarán porque o meniño e a meniña que deban ser adoptados noutro país gocen de salvagardas e normas equivalentes ás existentes respecto da adopción no país de orixe;
- d) Adoptarán todas as medidas apropiadas para garantiren que, no caso de adopción noutro país, a colocación non dea lugar a beneficios financeiros inadecuados para quen participan nela;
- e) Promoverán, cando corresponda, os obxectivos do presente artigo mediante a concertación de arregros ou acordos bilaterais ou multilaterais e esforzaranse, dentro deste marco, por garantiren que a colocación do meniño e meniña noutro país se efectúe por medio das autoridades ou organismos competentes.

Artigo 22

1. Os Estados Partes adoptarán medidas adecuadas para lograr que o meniño e meniña que traten de obter o estatuto de refuxiados ou que foren considerados refuxiados de conformidade co dereito e os procedementos internacionais ou internos aplicables que reciban, tanto se están so como se están acompañados dos seus pais ou de calquera outra persoa, a protección e a asistencia humanitaria adecuadas para o aproveitamento dos dereitos pertinentes enunciados na presente Convención e noutros instrumentos internacionais de dereitos humanos ou de carácter humanitario no que dos os Estados sexan partes.
2. A tal efecto, os Estados Partes cooperarán, na forma que estimaren apropiada, en todos os esforzos das Nacións Unidas e demais organizacións intergubernamentais competentes ou organizacións non gubernamentais que cooperen coas Nacións Unidas

por protexeren e axudaren a todo meniño e meniña refuxiado e localizaren os seus pais ou a outros membros da súa familia, a fin de obteren a información necesaria para que se reúna coa súa familia. Nos casos en que non se poida localizar a ningún dos pais ou membros da familia, concederáselles ao meniño e á meniña a mesma protección que a calquer outro meniño e meniña privados permanente ou temporalmente do seu medio familiar, por calquera motivo, como se dispón na presente convención.

Artigo 23

1. Os Estados Partes recoñecen que o meniño e a meniña mental ou fisicamente impedidos deberán gozar dunha vida plena e decente en condicións que aseguren a súa dignidade, e que lles permitan chegar a bastarse por si mesmos e faciliten a participación activa do meniño e a meniña na comunidade.

2. Os Estados Partes recoñecen o dereito do meniño e a meniña a recibiren coidados especiais e alentarán e asegurarán, con suxeición aos recursos dispoñibles, a prestación ao meniño e á meniña que reúnan as condicións requiridas e aos responsables do seu coidado da asistencia que se solicite e que sexa adecuada ao estado do meniño e meniña e ás circunstancias dos seus pais ou doutras persoas que coiden deles.

3. En atención ás necesidades especiais do meniño e da meniña impedidos, a asistencia que se preste conforme o parágrafo 2 do presente artigo será gratuíta sempre que for posible, habida conta da situación económica dos pais ou doutras persoas que coiden o meniño e meniña e estará destinada a asegurar ao meniño e á meniña impedidos a educación, capacitación, os servizos sanitarios, os servizos de rehabilitación, a preparación para o emprego e as oportunidades de esparcemento e reciba tales servizos co obxecto de que o meniño e a meniña logren a integración social e o desenvolvemento individual, incluído o seu desenvolvemento cultural e espiritual, na máxima medida posible.

4. Os Estados Partes promoverán, con espírito de cooperación internacional, o intercambio de información adecuada na esfera da atención sanitaria preventiva e do tratamento médico, psicolóxico e funcional dos meniños e meniñas impedidos, incluída a difusión de información sobre os métodos de rehabilitación e os servizos de ensinanza e formación profesional, así como o acceso a esa información a fin de que os Estados Partes poidan mellorar a súa capacidade e coñecementos e ampliar a súa experiencia en estas esferas. A este respecto, teranse especialmente en conta as necesidades dos países en desenvolvemento.

Artigo 24

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do meniño e da meniña ao desfrute do máis alto nivel posible de saúde e a servizos para o tratamento das doenzas e a rehabilitación da saúde. Os Estados Partes esforzaranse por aseguraren que ningún meniño e meniña sexan privados do seu dereito ao aproveitamento deses servizos sanitarios.

2. Os Estados Partes asegurarán a plena aplicación deste dereito e, en particular, adoptarán as medidas apropiadas para:

a) Reduciren a mortalidade infantil e na nenez;

b) Aseguraren a prestación da asistencia médica e a atención sanitaria que foren necesarias o todos os meniños e meniñas, facendo fincapé no desenvolvemento da atención primaria da saúde;

c) Combateren enfermidades e a malnutrición no marco da atención primaria da saúde mediante, entre outras cousas, a aplicación da tecnoloxía dispoñible e o abastecemento de alimentos nutritivos adecuados e auga potable salubre, tendo en conta os perigos e riscos da contaminación do medio ambiente;

d) Aseguraren a atención sanitaria prenatal e posnatal apropiada ás nais;

e) Aseguraren que tódolos sectores da sociedade, en particular os pais e os fillos, coñezan os principios básicos da saúde e nutrición dos meniños e meniñas, as vantaxes da lactación materna, a hixiene e o saneamento ambiental e as medidas de prevención de accidentes, teñan acceso á educación pertinente e reciban apoio na aplicación deses coñecementos;

f) Desenvolveren a atención sanitaria preventiva, a orientación aos pais e a educación e servizos en materia de planificación da familia.

3. Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas eficaces e apropiadas posibles para aboliren as prácticas tradicionais que foren prexudiciais para a saúde dos meniños e meniñas.

4. Os Estados Partes comprométense a promover e alentar a cooperación internacional con miras a lograren progresivamente a plena realización do dereito recoñecido no presente artigo. A este respecto, teranse plenamente en conta as necesidades dos países en desenvolvemento.

Artigo 25

Os Estados Partes recoñecen os dereitos do meniño e da meniña que foron internados nun establecemento polas autoridades competentes para os fins de atención, protección ou tratamento da saúde física ou mental a un exame periódico do tratamento a que estiveren sometidos e de todas as demais circunstancias propias do seu internamento.

Artigo 26

1. Os Estados Partes recoñecerán a tódolos meniños e meniñas o dereito a se beneficiaren da seguridade social, mesmo do seguro social, e adoptarán medidas necesarias para acadaren a plena realización deste dereito de conformidade coa súa lexislación nacional.

2. As prestacións deberían concederse, cando corresponder, tendo en conta os recursos e a situación do meniño e meniña e das persoas que foren responsables do mantemento do meniño e da meniña, así como calquera outra consideración pertinente a unha solicitude de prestacións feita polo meniño e meniña ou no seu nome.

Artigo 27

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito de todo meniño e meniña a un nivel de vida adecuado para o seu desenvolvemento físico mental, espiritual, moral e social.

2. Aos pais ou outras persoas encargadas do meniño e meniña incúmbeles a responsabilidade primordial de proporcionaren, dentro das súas posibilidades e medios económicos, as condicións de vida que sexan necesarias para o desenvolvemento do meniño e meniña.

3. Os Estados partes, de acordo coas condicións nacionais e con arreglo aos seus medios, adoptarán medidas apropiadas para aseguraren o pagamento da pensión alimenticia por parte dos pais ou outras persoas que teñan a responsabilidade financeira polo meniño e meniña, tanto se viviren no Estado Parte como se viviren no estranxeiro. En particular, cando a persoa que tiver a responsabilidade financeira polo meniño e meniña resida nun Estado diferente de aquel no que residan o meniño e a meniña, os Estados Partes promoverán a adhesión aos convenios internacionais ou á concertación dos ditos convenios, así como a concertación de calquer outros arregros apropiados.

Artigo 28

1. Os Estados Partes recoñecen os dereitos do meniño e da meniña á educación e, a fin de que se poida exercer progresivamente e en condicións de igualdade de oportunidades ese dereito, deberán en particular:

- a) Implantar a ensinanza primaria obrigatoria e gratuíta para todos;
- b) Fomentar o desenvolvemento, nas súas distintas formas, da ensinanza secundaria, incluída a ensinanza xeral e profesional, facer que tódolos meniños e meniñas dispoñan dela e teñan acceso a ela e adoptar medidas apropiadas tales como a ensinanza gratuíta e a concesión de asistencia financeira en caso de necesidade;
- c) Facer a ensinanza superior accesible a todos, sobre a base da capacidade, por cantos medios foren apropiados;
- d) Facer que tódolos meniños e meniñas dispoñan de información e orientación en cuestións educativas e profesionais e teñan acceso a elas;
- e) Adoptar medidas para fomentaren a asistencia regular ás escolas e reduciren as taxas de deserción escolar.

2. Os Estados Partes adoptarán cantas medidas foren adecuadas para velaren por que a disciplina escolar se administre de modo compatible coa dignidade humana do meniño e meniña e de conformidade coa presente convención.

3. Os Estados Partes fomentarán e alentarán a cooperación internacional en cuestións de educación, en particular a fin de contribuíren a eliminar a ignorancia e o analfabetismo en todo o mundo e de facilitaren o acceso aos coñecementos técnicos e aos métodos modernos de ensinanza. A este respecto, teranse especialmente en conta as necesidades dos países en desenvolvemento.

Artigo 29

1. Os Estados Partes conveñen en que a educación do meniño e da meniña deberá estar encamiñada a:

- a) Desenvolver a personalidade, as aptitudes e a capacidade mental e física do meniño e meniña ata o máximo das súas posibilidades;
- b) Inculcar ao meniño e á meniña o respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais e dos principios consagrados na Carta das Nacións Unidas;

c) Inculcar ao meniño e á meniña o respecto dos seus pais, da súa propia identidade cultural, do seu idioma e dos seus valores nacionais do país en que vive, do país de que sexa orixinario e das civilizacións distintas da súa;

d) Preparar ao meniño e á meniña para asumiren unha vida responsable nunha sociedade libre, con espírito de comprensión, paz, tolerancia, igualdade de sexos e amizade entre tódolos pobos, grupos étnicos, nacionais, e relixiosos e persoas de orixe indíxena;

e) Inculcar ao meniño e á meniña o respecto do medio ambiente natural.

2. Nada do disposto no presente artigo ou no artigo 28 se interpretará como unha restricción á liberdade dos particulares e das entidades para estableceren e dirixiren as institucións de ensinanza, coa condición de que se respecten os principios enunciados no parágrafo 1 do presente artigo e de que a educación impartida en tales institucións se axuste as normas mínimas que prescribe o Estado.

Artigo 30

Nos Estados en que existan minorías étnicas, relixiosas ou lingüísticas ou persoas de orixe indíxena, non se negará a un meniño e meniña que pertencen a tales minorías ou que sexan indíxenas o dereito que lles corresponde, en común cos demais membros do seu grupo, a teren a súa propia vida cultural, a profesaren a súa propia relixión, ou a empregaren o seu propio idioma.

Artigo 31

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do meniño e da meniña ao descanso e ao esparcemento, ao xogo, e ás actividades recreativas propias da súa idade e a participaren libremente na vida cultural e nas artes.

2. Os Estados Partes respectarán e promoverán o dereito do meniño e a meniña a participaren plenamente na vida cultural e artística e propiciarán oportunidades apropiadas, en condicións de igualdade, de participaren na vida cultural e artística, recreativa e de esparcemento.

Artigo 32

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito do meniño e a meniña a estaren protexidos contra a explotación económica e contra o desempeño de calquera traballo que poida ser perigoso ou entorpecer a súa educación, ou que sexa nocivo para a súa saúde ou para o seu desenvolvemento físico, mental, espiritual, moral ou social.

2. Os Estados Partes adoptarán medidas lexislativas, administrativas, sociais, educativas para garantiren a aplicación do presente artigo. Con ese propósito e tendo en conta disposicións pertinentes doutros instrumentos internacionais, os Estados Partes, en particular:

a) Fixarán unha idade ou idades mínimas para traballar;

b) Disporán a regulamentación apropiada dos horarios e condicións de traballo;

c) Estipularán as penalidades ou outras sancións apropiadas para aseguraren a aplicación efectiva do presente artigo.

Artigo 33

Os Estados Partes adoptarán todas as medidas apropiadas, incluídas medidas legislativas, administrativas, sociais, e educativas, para protexeren aos meniños e meniñas contra o uso ilícito dos estupefacientes e substancias psicotrópicas enumeradas nos tratados internacionais pertinentes, e para impediren que se utilice aos meniños e meniñas na produción e no tráfico ilícito destas substancias.

Artigo 34

Os Estados Partes comprométense a protexeren ao meniño e á meniña contra todas formas de explotación e abuso sexuais. Con este fin, os Estados Partes tomarán, en particular, tódalas medidas de carácter nacional, bilateral e multilateral que foren necesarias para impedir:

- a) A incitación ou a coacción para que un meniño e meniña se dediquen a calquera actividade sexual ilegal;
- b) A explotación do meniño e da meniña na prostitución ou noutras prácticas sexuais ilegais;
- c) A explotación do meniño e da meniña en espectáculos materiais pornográficos.

Artigo 35

Os Estados Partes tomarán as medidas de carácter nacional, bilateral, e multilateral que sexan necesarias para impediren o secuestro, a venda ou a trata de meniños e meniñas para calquera fin ou en calquera forma.

Artigo 36

Os Estados Partes protexerán ao meniño e á meniña contra todas as demais formas de explotación que sexan prexudiciais para calquera aspecto do seu benestar.

Artigo 37

Os Estados Parte velarán por que:

- a) Ningún meniño nin meniña sexan sometidos a torturas nin a outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes. Non se imporá a pena capital nin a de prisión perpetua sen posibilidade de excarceración por delitos cometidos por menores de 18 anos de idade;
- b) Ningún meniño nin meniña sexan privados da súa liberdade ilegal ou arbitrariamente. A detención, o encarceramento ou a prisión dun meniño e dunha meniña levarase a cabo de conformidade coa lei e utilizarase tan só como medida de último recurso e durante o período máis breve que proceda;
- c) Todo meniño e meniña privados de liberdade serán tratados con humanidade e o respecto que merece a dignidade inherente á persoa humana, e de maneira que se teñan en conta as necesidades das persoas da súa idade. En particular, todo meniño e meniña privados de liberdade estarán afastados dos adultos, a menos que isto se considere superior o interese do meniño e meniña, e terán dereito a manter contacto coa súa familia por medio de correspondencia e visitas, agás en circunstancias excepcionais;
- d) Todo meniño e meniña privados da súa liberdade terán dereito a un pronto acceso á asistencia xurídica e outra asistencia adecuada, así como o dereito a impugnar a legalidade da privación da súa liberdade perante un tribunal ou institución competente, independente e imparcial e a unha pronta decisión sobre a dita acción.

Artigo 38

1. Os Estados Partes comprométense a respectaren e velaren por que se respecten as normas do dereito internacional humanitario que lles foren aplicables nos conflitos armados e que sexan pertinentes para o meniño e a meniña.

2 . Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas posibles para aseguraren que as persoas que aínda non cumpriran os 15 anos de idade non participen directamente nas hostilidades.

Os Estados Partes absteranse de recrutaren nas forzas armadas a persoas que aínda non cumpriran os 15 anos de idade. Se recrutaren persoas que xa cumpriran os 15 anos, pero que sexan menores de 18, os Estados Partes procurarán dar prioridade aos de máis idade.

De conformidade coas obrigas emanadas do dereito internacional humanitario de protexeren á poboación civil durante os conflitos armados, os Estados Partes adoptarán tódalas medidas posibles para aseguraren a protección e o coidado dos meniños e meniñas afectados por un conflito armado.

Artigo 39

Os Estados Partes adoptarán tódalas medidas apropiadas para promoveren a recuperación física e psicolóxica e a reintegración social de todo meniño e meniña vítimas de: calquera forma de abandono, explotación ou abuso; tortura ou outra forma de tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes; ou conflitos armados. Esa recuperación e reintegración levarase a cabo nun ambiente que fomente a saúde, o respecto de si mesmos e a dignidade do meniño e meniña.

Artigo 40

1. Os Estados Partes recoñecen o dereito de todo meniño e meniña de quen se alegue que infrinxiu as leis penais ou a quen se acuse ou declare culpable de infrinxir esas leis a seren tratados de maneira acorde co fomento do seu sentido da dignidade e do valor, que fortaleza o respecto do meniño e meniña polos dereitos humanos e as liberdades fundamentais de terceiros e na que se teñan en conta a idade do meniño e da meniña e a importancia de promoveren a reintegración do meniño e da meniña e de que estes asuman unha función constructiva na sociedade.

2. Con este fin, e habida conta das disposicións pertinentes dos instrumentos internacionais, os Estados Partes garantirán, en particular:

a) Que non se alegue que ningún meniño nin meniña infrinxiu as leis penais, nin se acuse ou declare culpable a ningún meniño ou meniña de teren infrinxido esas leis, por actos ou omisións que non estaban prohibidos polas leis nacionais ou internacionais no momento en que se cometeron;

b) Que a todo meniño e meniña dos que se alegue que infrinxiron as leis penais ou a quen se acuse de infrinxiren esas leis se lle garanta, polo menos, o seguinte:

l) Que se lle presumirá inocente mentres non se probe a súa culpabilidade conforme a lei;

II) Que serán informado sen demora e directamente ou, cando sexa procedente, por intermedio dos seus pais ou dos seus representantes legais, dos cargos que pesan contra eles e que disporán de asistencia xurídica ou doutra asistencia apropiada na preparación e presentación da súa defensa;

III) Que a causa será dirimida sen demora por unha autoridade ou órgano xudicial competente, independente e imparcial en audiencia equitativa conforme á lei, en presenza dun asesor xurídico ou outro tipo de asesor adecuado e, polo menos, que se considerase que iso fora contrario ao interese superior do meniño e da meniña, tendo en conta en particular a súa idade ou situación e os seus pais ou representantes legais;

IV) Que non serán obrigados a prestaren testemuño ou se declararen culpables, que poderán interrogar ou facer que se interrogue a testemuñas de cargo e obteren a participación e o interrogatorio de testemuñas de descargo en condicións de igualdade;

V) Se se considerase que infrinxiran, en efecto, as leis penais, que esta decisión e toda medida imposta a consecuencia dela, serán sometidas a unha autoridade ou órgano xudicial superior competente, independente e imparcial conforme á lei;

VI) Que o meniño e a meniña contarán coa asistencia gratuíta dun intérprete se non comprenden ou fala o idioma utilizado,

VII) Que se respectará plenamente a súa vida privada en tódalas fases do procedemento.

3. Os Estados Partes tomarán tódalas medidas apropiadas para promoveren o establecemento de leis, procedementos, autoridades e institucións específicas para os meniños e meniñas de quen se alegue que infrinxiran as leis penais ou a quen se acuse ou declare culpables de infrinxiren esas leis, e en particular:

a) O establecemento dunha idade mínima antes da cal se presumirá que os meniños e meniñas non teñen capacidade para infrinxiren leis penais;

b) Sempre que sexa apropiado e desexable, a adopción de medidas para tratar a eses meniños e meniñas sen recorrer a procedementos xudiciais, no entendemento de que se respectarán plenamente os dereitos humanos e as garantías legais.

4. Disporase de diversas medidas, tales como o coidado, as ordes de orientación e supervisión, o asesoramento, a liberdade vixiada, a colocación en lares de garda, os programas de ensinanza e formación profesional, así como outras posibilidades alternativas a internamento en institucións para aseguraren que os meniños e meniñas sexan tratados de maneira apropiada para o seu benestar e que garde proporción tanto coas súas circunstancias como coa infracción.

Artigo 41

Nada do disposto na presente Convención afectará ás disposicións que sexan máis conducentes á realización dos dereitos do meniño e da meniña e que poidan estar recollidas en :

- a) O dereito dun Estado Parte; ou
- b) O dereito internacional vixente con respecto ao dito Estado.

PARTE II

Artigo 42

Os Estados Parte comprométense a dar a coñecer amplamente os principios e disposicións da Convención por medios eficaces e apropiados tanto a adultos como a meniños e meniñas.

Artigo 43

1. Coa finalidade de examinar os progresos realizados no cumprimento das obrigas contraídas polos Estados Partes na presente Convención, establecerase un Comité dos Dereitos do Meniño e da Meniña que desempeñará as funcións que a continuación se estipulan.

2. O Comité estará integrado por dez expertos de gran integridade moral e recoñecida competencia nas esferas reguladas pola presente Convención. Os membros do Comité serán elixidos polos Estados Partes e exercerán as súas funcións a título persoal, téndose debidamente en conta a distribución xeográfica, así como os principais sistemas xurídicos.

3. Os membros do Comité serán elixidos, en votación secreta, dunha lista de persoas escollida entre os seus propios nacionais.

4. A elección inicial celebrarase a máis tardar seis meses despois da entrada en vigor da presente Convención e posteriormente cada dous anos. Con catro meses, como mínimo, de antelación respecto a data de cada elección, o Secretario Xeral das Nacións Unidas dirixirá unha carta aos Estados Partes invitándoos a que presenten as súas candidaturas nun prazo de dous meses. O Secretario Xeral preparará despois unha lista na que figurarán por orde alfabética tódolos candidatos propostos, con indicación dos Estados Partes que os designaran, e comunicaraa aos Estados Partes na presente Convención.

5. As eleccións celebraranse nunha reunión dos Estados Partes convocada polo Secretario Xeral na Sede das Nacións Unidas. Nesa reunión, na que a presenza de dous tercios dos Estados Partes constituirá quórum, as persoas seleccionadas para formaren parte do Comité serán aqueles candidatos que obteñan o maior número de votos e unha maioría absoluta dos votos dos representantes dos Estados partes presentes e votantes.

6. Os membros do Comité serán elixidos por un período de catro anos. Poderán ser reelixidos se se presenta de novo a súa candidatura. O mandato de cinco dos membros elixidos na primeira elección expirará ao cabo dos dous anos; inmediatamente despois de efectuada a primeira elección, o Presidente da reunión en que esta se celebre elixirá por sorteo os nomes deses cinco membros.

7. Se un membro do Comité falecer ou dimitir ou declarar que por calquera causa non pode seguir a desempeñar as funcións no Comité, o Estado Parte que propuxo a ese membro designará entre os seus propios nacionais a outro experto para exercer o mandato ata o seu termo, con reserva da aprobación do Comité.

8. O Comité adoptará o seu propio regulamento.

9. O Comité elixirá a súa Mesa por un período de dous anos.

10. As reunións do Comité celebraranse normalmente na Sede das Nacións Unidas ou en calquer outro lugar conveniente que determine o Comité. O Comité reunirse normalmente tódolos anos. A duración das reunións do Comité será determinada e revisada, se proceder, por unha reunión dos Estados Partes presentes na Convención, con reserva da aprobación da Asemblea Xeral.

11. O Secretario Xeral das Nacións Unidas proporcionará o persoal e os servicios necesarios para o desempeño eficaz das funcións do Comité establecido en virtude da presente Convención.

12. Previa aprobación da Asemblea Xeral, os membros do Comité establecido en virtude da presente Convención recibirán emolumentos con cargo aos fondos das Nacións Unidas, segundo as condicións que a Asemblea poida establecer.

Artigo 44

Os Estados Partes comprométense a presentar ao Comité, por conducto do Secretario Xeral das Nacións Unidas, informes sobre as medidas que adoptaran para dar efecto aos dereitos recoñecidos na Convención e sobre o progreso que realizaran en canto ao goce deses dereitos:

No prazo de dous anos a partir da data na que para cada Estado Parte entrara en vigor a presente Convención;

No sucesivo cada cinco anos.

Os informes preparados en virtude do presente artigo deberán indicar as circunstancias e dificultades, se as houber, que afecten ao grao de cumprimento das obrigas derivadas da presente Convención. Deberán, así mesmo, conter información suficiente para que o Comité teña cabal comprensión da aplicación da convención no país que se trate.

Os Estados parte que presentaren un informe inicial completo ao Comité non necesitan repetir, en sucesivos informes presentados de conformidade co disposto no inciso b) do parágrafo 1 do presente artigo, a información básica presentada anteriormente.

O Comité poderá pedir aos Estados Parte máis información relativa á aplicación da Convención.

O Comité presentará cada dous anos á Asemblea Xeral das Nacións Unidas, por conducto do Consello Económico e Social, informes sobre as súas actividades.

Os Estados Partes darán aos seus informes unha ampla difusión entre o público dos seus países respectivos.

Artigo 45

Con obxecto de fomentar a aplicación efectiva da Convención e de estimular a cooperación internacional na esfera regulada pola Convención:

Os organismos especializados, o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e demais órganos das Nacións Unidas terán dereito a estar representados no exame da aplicación daquelas disposicións da Presente Convención abrangidas no ámbito do seu mandato. O Comité poderá invitar aos organismos especializados, o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e a outros órganos competentes que considere apropiados a que proporcionen asesoramento especializado sobre a aplicación da Convención nos sectores que son de incumbencia dos seus respectivos mandatos. O Comité poderá invitar aos organismos especializados, o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e demais

órganos das Nacións Unidas a que presenten Informes sobre a aplicación daquelas disposicións da presente Convención abrangidas nos ámbitos das súas actividades;

O comité transmitirá, segundo estime conveniente, aos organismos especializados, o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia e a outros órganos competentes, os informes dos Estados Partes que contiveren unha solicitude de asesoramento ou de asistencia técnica, ou nos que se indique esta necesidade, xunto coas observacións e suxestións do Comité, se as houber, verbo desas solicitudes ou indicacións ;

O Comité poderá recomendar á Asemblea Xeral que pida ao Secretario Xeral que efectúe, no seu nome, estudos sobre cuestións concretas relativas aos dereitos do meniño e da meniña;

O Comité poderá formular suxestións e recomendacións xerais baseadas na información recibida en virtude dos artigos 44 e 45 da presente Convención. Ditas suxestións e recomendacións xerais deberán transmitirse aos Estados Partes interesados e notificarse á asemblea Xeral, xunto cos comentarios, se os houber, dos Estados Partes.

PARTE III

Artigo 46

A presente Convención estará aberta á sinatura de tódolos Estados.

Artigo 47

A presente Convención estará suxeita á ratificación. Os instrumentos de ratificación depositaranse en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 48

A presente Convención permanecerá aberta á adhesión de calquera Estado. Os instrumentos de adhesión depositaranse en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 49

A presente Convención entrará en vigor o trixésimo día seguinte á data na que for depositado o vixésimo instrumento de ratificación ou adhesión. A Convención entrará en vigor o trixésimo día despois do depósito por tal Estado do seu instrumento de ratificación ou de adhesión.

Artigo 50

1. Todo Estado Parte poderá propoñer unha emenda e depositala en poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas. O Secretario Xeral comunicará a emenda proposta aos Estados Partes, pedíndolles que lle notifiquen se desexan que se convoque unha conferencia de Estados Partes co fin de examinaren a proposta e sometérena a votación. Se dentro dos catro meses seguintes á data desa notificación un tercio, polo menos, dos Estados Partes se declarar a prol de tal conferencia, o Secretario Xeral convocará unha Conferencia co auspicio das Nacións Unidas. Toda emenda adoptada pola maioría dos Estados Partes, presentes e votantes na Conferencia, será sometida polo Secretario á Asemblea Xeral das Nacións Unidas para a súa aprobación.

2. Toda emenda adoptada de conformidade co parágrafo 1 do presente artigo entrará en vigor cando sexa aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e aceptada por unha maioría de dous tercios dos estados Partes.

3. Cando as emendas entraren en vigor serán obrigatorias para os Estados Partes que as aceptaran, en tanto que os demais Estados Partes seguirán obrigados polas disposicións da presente Convención e polas emendas anteriores que aceptaran.

Artigo 51

1. O Secretario Xeral das Nacións Unidas recibirá e comunicará a tódolos Estados o texto das reservas formuladas polos Estados no momento da ratificación ou da adhesión.

2. Non se aceptará ningunha reserva incompatible co obxecto e co propósito da presente Convención.

3. Toda reserva poderá ser retirada en calquera momento por medio dunha notificación feita a ese efecto e dirixida ao Secretario Xeral das Nacións Unidas, quen informará a tódolos Estados. Esa notificación surtirá efecto na data da súa recepción polo Secretario Xeral.

Artigo 52

Todo Estado Parte poderá denunciar na Presente Convención mediante notificación feita por escrito ao Secretario Xeral das Nacións Unidas. A denuncia surtirá efecto un ano despois da data na que a notificación fose recibida polo Secretario Xeral.

Artigo 53

Desígnase depositario da presente Convención ao Secretario Xeral das Nacións Unidas.

Artigo 54

O orixinal da presente Convención, que ten textos en árabe, chino, español, francés, inglés e ruso son igualmente auténticos, depositaranse no poder do Secretario Xeral das Nacións Unidas.

EN TESTEMUÑA DO CAL, os infraescritos plenipotenciarios, debidamente autorizados para iso polos seus respectivos gobernos, asinaron a presente Convención.

(Versión galega de Lois X. Trigo Martínez)